

CAMPIONATO PROVINCIAL DE CAMPO A TRAVÉS REDONDELA 31-XANEIRO-2015

O Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra da Xunta de Galicia en colaboración coa Federación Galega de Atletismo e o Concello de Redondela, organizan o Campionato Provincial da modalidade CAMPO A TRAVÉS do programa XOGADE.

NORMATIVA:

PARTICIPANTES

Poderán participar todos os colexios, ANPAS, asociacións e clubs que se teñan clasificado nos respectivos campionatos zonais da provincia, que cumpran os requisitos de mutualización no programa XOGADE e que fagan a súa inscrición nesta proba.

ACREDITACIÓN

Os participantes, ou os seus delegados, deberán portar a identificación dos atletas (carné do programa “Xogade” con foto, ficha federativa, DNI) durante a proba, xa que se lle pode requirir.

Para este campionato están clasificados os 2 mellores equipos de cada fase zonal , así como os 8 primeiros atletas clasificados a nivel individual que non estiveran incluídos nos equipos clasificados. Non participará ningún atleta individual clasificado despois do 8º posto. *Táboa no adxunto.*

Nas categorías Benxamín, Alevín e infantil, cada equipo estará formado por un mínimo de 4 e un máximo de 6 atletas.

Na categoría Cadete o mínimo será de 3 e o máximo de 6 atletas.

Non se poderán completar os equipos con atletas de categorías inferiores.

Calquera aspecto non recollido nestas normas rexerase pola normativa xeral Xogade e o Regulamento federativo.

CATEGORÍAS

BENXAMÍN: nados nos anos 2007-2006 masculino e feminino.

ALEVÍN: nados nos anos 2005-2004 masculino e feminino.

INFANTIL: nados nos anos 2003-2002 masculino e feminino.

CADETE: nados nos anos 2001-2000 masculino e feminino.

INSCRICIÓN

A inscrición dos atletas participantes nesta Campionato Provincial de Campo a Través Escolar rematará o martes 27 de xaneiro de 2015, e farase utilizando o sistema on-line da RFEA, <https://isis.rfea.es/sirfea2/>.

No caso de que algún centro escolar non poida facer a inscrición por este sistema pode solicitar unhas follas de inscrición a este Servizo para facelo manualmente.

Non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial.

Unha vez feita a inscrición non se admitirán cambios entre atletas de dous equipos da mesma entidade.

DORSAIS

Os dorsais serán facilitados pola organización ate 30 minutos antes do comezo da proba. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados.

Sería conveniente que os dorsais se asegurasen con imperdibles.

LUGAR E DATA

Circuito praia de Cesantes - Redondela, sábado 31 de xaneiro de 2015.

HORARIO

Entrega de dorsais: 10:15

HORARIOS, CIRCUÍTOS E DISTANCIAS DAS PROBAS FIGURAN NO ARQUIVO ADXUNTO

PREMIOS

Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados individuais de cada categoría, e trofeos aos 3 primeiros equipos clasificados de cada unha.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual. Segundo a orde de entrada na meta.
- Por equipos. A puntuación dos equipos resultará da suma dos puntos obtidos polos 4/3 atletas mellor clasificados de cada equipo, e gañará o equipo que menos puntos sume. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivera a mellor clasificación o último dos seus corredores que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

Para o campionato galego (alevín, infantil e cadete) clasificaranse os 2 mellores equipos de cada fase provincial, así como os 8 primeiros atletas clasificados individualmente que non estiveran incluídos nos equipos clasificados. En ningún caso se correrá o posto de invitado aos atletas que chegaran a partir do 8º clasificado.

En casos excepcionais, ou por interese da selección galega, a Secretaría Xeral para o Deporte poderá autorizar a participación de atletas a título individual que non participasen no campionato provincial, previa proposta razoada da FGA, e debidamente documentada.

